



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Decreto da Alcaldía do 29 de agosto de 2016

Antecedentes

Visto o expediente en trámite para a contratación do subministro denominado “**REFORMA E REHABILITACION DA AREA INFANTIL E INSTALACION DE BIOSALUDABLES EN VILANOVA DE TENORIO**”, segundo proxecto redactado polo Arquitecto Técnico Municipal José Luís Barros Sousa, por importe total de 39.994,99 € (33.053,71 € e 6.941,28 € de IVE).

Vistas as ofertas presentadas resultou que a oferta presentada pola empresa EICROS GESTION S.L. resulta ser a oferta economicamente mais ventaxosa non incurso en temeridade de acordo coa seguinte táboa,

EMPRESA	PRECIO		GARANTIA		MELLORAS		TOTAL
	OFERTADO	PUNTOS	OFERTADO	PUNTOS	OFERTADO	PUNTOS	PUNTOS
EICROS GESTION SL	33.003,96 €	10,00	3,00	1,00	3,00	3,00	14,00
CALDEVERGAZO	36.784,00 €	8,97	1,00	0,33	3,00	3,00	12,31
CONSTRUCCIONES EC CASAS	35.995,49 €	9,17	1,00	0,33	3,00	3,00	12,50

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro e na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que EICROS GESTION S.L. cumprimentou o requirimento efectuado polo órgano de contratación aportando a documentación prevista no artigo 17 do prego de cláusulas e a garantía definitiva do contrato.

Examinada a documentación que a acompaña, de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro

RESOLVO:

1. Adjudicar o contrato de “**REFORMA E REHABILITACION DA AREA INFANTIL E INSTALACION DE BIOSALUDABLES EN VILANOVA DE TENORIO**” á empresa EICROS GESTION S.L., de acordo co prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e demais condicións establecidas na súa oferta que a continuación se resumen:

A) Oferta Económica: 27.276,00 €, IVE 5727,96 €, Total 33003,96 €.

B) Prazo de Execución: Un mes





CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

C)Prazo de Garantía: 5 anos

D)Melloras

- Instalación de un banco incluso base de apoio en formigón.
- Instalación de unha papeleira.
- Revisión do peche perimetral formado por perpiaño e tapa, con adecuación e fixación das pezas movidas ou soltas

2.Requirir a EICROS GESTION S.L., para que proceda á presentación do Plan de seguridade e saúde no traballo dentro do prazo de cinco días a contar desde o seguinte á notificación da adxudicación do contrato.

3.Informar á empresa Bricantel España S.L. de que a súa oferta foi excluída ao non anunciar o mesmo día ao órgano de contratación, por FAX ou telegrama, a remisión da proposición presentada por correo e recibirse nas oficinas municipais fora do prazo de presentación de instancias, e mais alá dos cinco días do término (o prazo expirou o 12.08.2016 e a oferta recíbese o 23.08.2016) de acordo co disposto no artigo 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

4.Informar ao resto das empresas de que as súas ofertas foron descartadas ao resultar menos ventaxosas que a presentada por EICROS GESTION S.L. consonte aos criterios de adxudicación establecidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares do expediente e de acordo coa táboa que se desglosa nos antecedentes da presente Resolución

5.Informar á empresa EICROS GESTION S.L., de que o seu representante legal / apoderado deberá comparecer nas oficinas municipais para a formalización do contrato dentro do prazo de cinco días naturais a contar desde o seguinte á notificación da adxudicación na data e hora que se lle determine ao efecto.

6.Ordenar a publicación da presente Resolución no perfil do contratante do Concello de Cotobade e notificar aos licitadores interesados.

Cotobade 29 de agosto de 2016

O Alcalde

Jorge Cubela López

O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

